

ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS E EXTRAESCOLARES

PROGRAMACIÓN DO CURSO 2009/10

As actividades Complementarias e Extraescolares representan, no María Soliño, un apartado importante dentro do proxecto educativo e por iso ó longo do curso se programan distintas actividades.

O obxectivo fundamental destas actividades é potenciar a educación integral do alumnado tanto no ámbito académico como no de desenvolvemento duns determinados valores persoais de traballo, respecto, tolerancia e compañeirismo. É a aula o principal lugar onde se desenvolve a tarefa educativa, pero é noutros momentos e lugares onde se pode crear un clima máis adecuado para a consecución dos obxectivos referentes a unha educación en valores.

Estas actividades deben ser na súa maioría formativas, sociais, culturais, lúdicas, nalgúns casos, e en maior ou menor grao, interdisciplinares e globalizadoras, que permitan conectar a vida do Centro coas diversas materias e a vida real do noso contorno. Deberán contribuír á consecución dos obxectivos académicos e especialmente aqueles encamiñados a potenciar:

- O esforzo persoal
- A actuación autónoma
- A cultivar a curiosidade como unha actitude axeitada para a formación e o coñecemento.
- As actividades con outras persoas demostrando actitudes solidarias e tolerantes, rexeitando as discriminacións de calquera tipo, os prexuízos e posibilitando o intercambio de saberes.
- O entendemento e respecto os dereitos e deberes dos cidadáns.
- Posibilitar o coñecemento práctico dos conceptos e materias que se imparten na aula e que precisan unha exemplificación na realidade para un mellor entendemento.
- O coñecemento, valoración e conservación do patrimonio cultural, físico e ambiental.

As actividades podemos clasificalas en complementarias e extraescolares.

As actividades complementarias son aquelas que se desenvolven dentro do Centro e en horario lectivo. Serán de obrigada asistencia e, polo tanto, avaliábeles.

(O alumnado acudirá a actividade provisto de caderno, unidade didáctica,...de modo que participe de forma activa e os resultados serán avaliados, incorporando as cualificacións ás do resto do curso, e nas mesmas condicións que as que proceden das actividades realizadas na aula).

As actividades extraescolares son aquelas que impliquen saída do Centro, independentemente si coinciden ou non co horario lectivo. Non poden ser obrigatorias, pero si aconsellables e avaliáveis.

Para estas actividades o I.E.S. María Soliño conta cunha serie de condicións desfavorables:

- O ambiente rural e semiurbano da zona de procedencia do alumnado limita a proposta cultural a disposición dos membros da comunidade educativa.
- A localización xeográfica do Centro, distante de núcleos urbanos que posúan unha importante oferta cultural, dificulta e encarece os desprazamentos.
- A procedencia do alumnado de diversas localidades dificulta a organización das actividades.

Pese a todo, o I.E.S. Mará Soliño aposta pola conveniencia de efectuar saídas do Centro. Como para saír do Centro se precisa da autorización dos pais/nais ou titores se fará entrega ó alumnado dun impreso no que figure:

- Data e horario
- Itinerario e visitas a realizar
- Obxectivos
- Profesorado responsable e avaliador da actividade
- Prezo.

Este impreso será devolto firmado, tanto se participa da actividade para dar o consentimento, coma se non participa, para indicar que foron informados/as dela e xustificar a súa ausencia.

Tamén se consideran actividades extraescolares as organizadas pola A.N.P.A fora do horario lectivo. Dada a dificultade que ten o alumnado para achegarse o Centro o non contar con transporte gratuíto e, contar con actividades organizadas dende o Concello e outras institucións, optouse por suspéndelas no curso 2007-2008. Permanece o Obradoiro de Teatro que impartido por un profesor do Centro (Pedro Pablo), ten lugar os mércores de 16 a 17:30. Como ese día a hora de saída é as 15 horas, o alumnado que participa nesta actividade, quédase a comer nas instalacións do Centro. Fanse cargo os familiares do seu traslado de volta a casa.

Respecto as saídas considerase preciso que estas sexan fixas e estables ó longo dos distintos cursos de tal xeito que o alumnado, no seu paso polo centro, realice unha serie de visitas de estudo de interese: museos, exposicións, teatro, fábricas, etc.

RELACIÓN, POR NIVEIS, DE SAÍDAS ESTABLES

Seguindo a liña do curso pasado e debido a súa valoración positiva, o I.E.S. María Soliño solicitará a súa participación (no caso de ser convocados de volta) nos programas ofertados pola Deputación Provincial e pola Xunta de Galicia. A saber:

- A Semana Branca Alumnado de 1º da ESO
- Entre Mareas Alumnado 1º ESO
- Vive o Monte 2010 Alumnado de 3º ESO
- Deporte e Natureza Alumnado de Bacharelato
- XOGADE 2009/10 Alumnado ESO

Tamén participará naqueles que xurdan novos e que sexan considerados positivos polo profesorado.

Dende os distintos departamentos, as actividades que se propoñen para realizar neste curso e por niveis, son as seguintes:

1º ESO

- ◆ Saída “coñecemento do contorno” (subida a antena, Serra da Magdalena)
Departamentos: Ciencias Sociais, Ciencias Naturais e Educación Física.
- ◆ Visita Museo de Pontevedra e petroglifos de Campolameiro ou Ponte Caldelas
Departamentos: Ciencias Sociais e Lingua Galega.
- ◆ Visita a “NATURNOVA” ,“ Exposición Permanente” no Centro Social Caixanova de Vigo e instalacións do Concello de Cangas.
Departamentos: Ciencias Sociais, Ciencias Naturais e Pláctic
- ◆ Participación no programa ENTREMAREAS.
Departamento de Ciencias Sociais e Naturais.
- ◆ Participación no programa SEMANAS BRANCAS
Departamento de E. Física

- ◆ Visita as escavacións do Facho, petroglifos e sendeirismo.
Departamentos: Ciencias Sociais e Educación Física.
- ◆ Saída a Portugal (alumnado de portugués)
Departamento de Galego
- ◆ Cross e orientación polo contorno do Centro.
Departamento de E. Física

2º ESO

- ◆ Sendeirismo e visita as escavacións do Facho
Departamento de E. e Ciencias Sociais.
- ◆ Visita a Santiago de Compostela (Instituto Galego de Consumo, Galicia Dixital, Catedral ou CGAC .
Departamentos de C. Sociais, Tecnoloxía
- ◆ Cross e orientación polo contorno do Centro.
Departamento de E. Física
- ◆ Saída a Portugal.
Departamento de Galego e C. Sociais.
- ◆ Participación nun obradoiro sobre o tabaquismo.
Departamento de Orientación
- ◆ Asistencia en Vigo a unha representación teatral en francés (Alumnado de francés).
Departamento de francés.

3º ESO

- ◆ Visita ó parque eólico de Sotavento.
Departamentos: Ciencias Sociais e Tecnoloxía.
- ◆ Realización dun roteiro interdisciplinar polo contorno.
Departamento C. Sociais, E. Física e Naturais.
- ◆ Asistencia a unha representación teatral por trimestre no Auditorio de Cangas.
Departamento de Galego.
- ◆ Asistencia a unha representación teatral en inglés.
Departamento: Inglés.
- ◆ Visita o IES Paralaia e Manuel Antonio
Departamentos: Orientación e Tecnoloxía
- ◆ Saída a Pontevedra para coñecer o Complexo Deportivo Rías do Sur.
Departamento E. Física.
- ◆ Saída a Santiago. Asistir a unha charla e obradoiro (choco-mates) na Facultade de Matemáticas. (Horario de tarde)
Departamento de Matemática
- ◆ Participación nun taller obradoiro sobre o alcoholismo.
Departamento de Orientación
- ◆ Participación nun taller afectivo-sexual do Centro Quérote.
Departamento de Orientación
- ◆ Visita ao IES Illa de Arousa para visitar os Ciclos Formativos de Grao Medio
Departamento de Orientación

4º ESO

- ◆ Visita a empresa de fabricación e montaxe do sector automobilístico: PSA.Peugeot.Citröen. Vigo..
Departamento: Ciencias Sociais e Tecnoloxía.
- ◆ Saída a Pontevedra para coñecer o Complexo Deportivo Rías do Sur.
Departamento E. Física
- ◆ Visita o IES Ricardo Mella e Paz Andrade de Vigo.
Departamentos: Orientación e Tecnoloxía.
- ◆ Asistencia a unha representación de teatro en inglés no Auditorio de Cangas.
Departamento de Inglés
- ◆ Asistencia a unha representación de teatro en francés na sala dos Salesianos en Vigo.
Departamento de francés.
- ◆ Realización dun roteiro interdisciplinar polo contorno.
Departamento C. Sociais, E. Física e Naturais.
- ◆ Saída a Santiago. Charla-obradoiro na Facultade de Matemáticas (chocomates). Horario de tarde
Departamento de Matemáticas,
- ◆ Participación nun taller obradoiro sobre drogas.
Departamento de Orientación
- ◆ Asistencia a unha representación teatral por trimestre no Auditorio de Cangas.
Departamento de Galego.
- ◆ Charla-coloquio “Te puede pasar” da asociación AESLEME
Departamento de Orientación
- ◆ Saída A Lanzada para participar na actividade de esculturas na area. Mes de

Maio. Data determinada polas mareas.

Departamento de Plástica

- ◆ Viaxe a Valladolid-Salamanca para participar nunha ruta literaria

Departamento de L. Castelá

- ◆ Obradoiro afectivo-sexual

Departamento de orientación

1º BACHARELATO

- ◆ Saída a Vigo para asistir a unha representación teatral

Departamentos: Lingua Castelá

- ◆ Saída a Vigo para asistir a unha representación teatral

Departamento de Francés

- ◆ Visita a Madrid : ARCO, MUSICAL, ETC (alumnado de Artes)

Departamento: Plástica

- ◆ Saída A Lanzada para participar na actividade de esculturas na area. Mes de Maio. Data determinada polas mareas. (Alumnado de Artes)

Departamento de Plástica

- ◆ SEMANA BRANCA. Andorra

Departamento E. F

- ◆ Visita ao taller de elaboración de instrumentos de música tradicional da Universidade Popular de Vigo. (Alumnado de Música)

Departamento: Música.

- ◆ Saída a París

Departamentos varios.

- ◆ Asistencia en Vigo a unha representación teatral en francés.(Alumnado de

francés).

Departamento de Francés

- ◆ Visita á Escola de Artes e Oficios e Facultade de Belas Artes.
Departamento de Plástica e Música.

- ◆ Visita ó Estaleiro de Nodosa. Parque empresarial de Bueu (Alumnado de Ciencias).
Departamento de Tecnoloxía

- ◆ Asistencia a unha representación teatral por trimestre no Auditorio de Cangas.
Departamento de Galego.

○

2º BACHARALATO

- ◆ Visita a Madrid : ARCO, MUSICAL, ETC
Departamento: Plástica e Música

- ◆ Visita a Escola de Artes e Oficios e Facultade de Belas Artes. (Alumnado de Artes e Música).
Departamento de Plástica e Música.

- ◆ Visita ao Instituto de Investigacións Mariñas (Bach de Ciencias)
Departamento: Física e Química

- ◆ Visita a Universidade de Vigo (Bach. Ciencias)
Departamento: Física e Química.

- ◆ Saída a Santiago: A arte do barroco e o Parlamento de Galicia. (Alumnado de Artes e Humanidades)
Departamentos: Ciencias Sociais, Música e Filosofía.

- ◆ Visita a Ferrol
Departamento de C. Sociais.

- ◆ Unha viaxe “Da costa ás montañas Orientais” para o estudo da paisaxe galega.

Departamento de Ciencias Sociais e Naturais

- ◆ Asistencia en Vigo a unha representación teatral en francés. (Alumnado de francés).

Departamento de Francés

PROGRAMA DE CUALIFICACIÓN PROFESIONAL INICIAL (PCPI)

- ◆ Visita ás escolas taller de Cangas (Granxa da Rúa) e de Moaña (Padroado Beiramar) para ver as posibilidades de facer cursos de formación ocupacional.

- ◆ Visita o IES Paralaia de Moaña e ao Paz Andrade de Vigo. para ter coñecemento da existencia e funcionamento dos Ciclos formativos de Grao Medio do contorno: condicións de acceso, materias, prácticas, saídas laborais,...

- ◆ Vista ao IES Illa de Arousa para ver os Ciclos formativos de Grao Medio
Departamento de Orientación

- ◆ Participación nun taller obradoiro sobre drogas.
Departamento de Orientación

- ◆ Participación nun taller obradoiro afectivo-sexual
Departamento de Orientación

CICLO FORMATIVO

- ◆ Participación na Semana Branca (Xaneiro), Semana Verde (Abril) e Semana Azul (Xuño)
- ◆ Colaboración coas actividades que se organicen no centro (Samaín, Magosto, San Valentín, Entroido, Letras galegas, saídas de sendeirismo, etc)
- ◆ Semana da froita

Nota: Tódalas actividades que supoñan un custo para o alumnado a ANPA subvencionará parte da actividade a todos/as que sexan socios/as

Dentro das actividades complementarias que se realizan co alumnado en horario lectivo, que forman parte da programación pero que teñen un carácter diferenciado polo momento, espacio ou recursos que se utilizan, neste curso escolar van a realizarse as seguintes:

CONMEMORACIÓNS E CELEBRACIÓNS

- ◆ Samaín (30 de Outubro)
- ◆ Magosto (9 de Nove)
- ◆ Día da Declaración dos Dereitos Humanos (10 de Decembro)
- ◆ Día da Paz (29 de Xaneiro)
- ◆ Entroido (12 de Febreiro)
- ◆ Día da Muller Traballadora (8 de Marzo)
- ◆ Día Mundial dos Dereitos do Consumidor (15 de Marzo)
- ◆ Día do Libro (12 a 30 de Abril)
- ◆ Día das Letras Galegas (12 ao 21 de Maio)
- ◆ Festival conxunto cos centros adscritos (28 de Maio)
- ◆ Día Mundial do Ambiente (4 de Xuño)
- ◆ Fin de Curso con ¡Vive a música! E entrega de premios do Certame de Poesía....

ACTIVIDADES EN COLABORACIÓN CON ASOCIACIONES, INSTITUCIONES, ETC

- ◆ Charla coloquio sobre a actividade na bolsa (alumnado economía) Caixa Galicia
- ◆ “Te puede pasar” Charla coloquio de AESLEME (Alumnado de 4º)
- ◆ Taller sobre tabaquismo (alumnado de 2º Eso) Concello de Cangas
- ◆ Taller sobre a prevención do uso do alcohol (alumnado 3º ESO) Concello de Cangas.
- ◆ Taller sobre a prevención do uso de drogas. (alumnado 4º ESO e PCPI) Concello de Cangas.
- ◆ Presentación da Universidade. (alumnado de bacharelato) Universidade de Santiago.
- ◆ Obradoiros Semana Intercultural. Concello de Cangas
- ◆ Plantación de árbores. Comunidade de Montes de Darbo

CONCURSOS, EXPOSICIÓN, CERTAMES, MOSTRAS, PUBLICACIONES.....

- ◆ Alumnado de artes participa nos concursos de carteis para a mostra de teatro, entroido de Cangas, etc
- ◆ Exposición de máscaras do entroido
- ◆ Exposición xeral dos traballos do alumnado de artes no Auditorio
- ◆ Certame de poesía María Soliño, aberto a colaboración con outros centros.
- ◆ Mostra de Teatro de Ensino Secundario do Morrazo.
- ◆ Concurso exposición de cabazas “Samaín”
- ◆ Publicación mensual de MARIA SOLIÑO NEWS. Alumnado do Obradoiro de Periódico-Poesía
- ◆ Fanzine. Publicación dun fanzine, revista de arte.
- ◆ Arando Cedo. Revista coordinada por Normalización Lingüística

DINAMIZACIÓN DOS RECREOS

Durante os recreos, para diversificar os momentos de ocio, e o mesmo tempo como elemento integrador daqueles alumnos/as con maiores problemas de relación, ofrécense as seguintes actividades abertas a todo o alumnado:

- ◆ Luns: piano, guitarra, coro e parkour
- ◆ Martes: xadrez, papiroflexia, baile galego e piano
- ◆ Mércores: percusión e piano
- ◆ Xoves: Patinaxe, malabares, taller de animación e obradoiro de periódico e poesía
- ◆ Venres: Badminton, piano e baile de salón.

Todas estas actividades son impartidas por profesorado do Centro.

Ademais os luns, martes e mércores celébranse ligas e campionatos deportivos organizados polo alumnado: fútbol sala, balonmán, tenis de mesa, voleibol, etc

Tamén nalgúns recreos se intentará dinamizar o uso da ágora con actividades varias: música, demostracións, degustacións, presentacións.....

OBXETIVOS XERAIS DA VICEDIRECCIÓN RESPECTO AS ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS E EXTRAESCOLARES

1. Elaborar a programación anual contando coas propostas que realicen os distintos departamentos, as comisións de dinamización de actividades e pola A.N.P.A.
2. Organizar e coordinar as comisións dinamizadoras (estarían formadas por alumnado voluntario, profesorado e pais/nais voluntarias). A súa función será a de propor actividades e participar na súa organización e dinamización. Para o presente curso contamos con:
 - Festas e conmemoracións
 - Xogos, deportes e competicións
3. Coordinar a realización das actividades complementarias e extraescolares: saídas, exposicións, festivais, charlas, etc
4. Coordinar e desenvolver as actividades propostas dende vicedirección.
5. Encauzar as iniciativas do alumnado e darlles unha forma adecuada.
6. Organizar a utilización das instalacións e demais recursos que se vaian a empregar, así como velar polo uso correcto das mesmas.
7. Comunicar a información recibida os departamentos interesados, así como as propostas educativas e culturais que entidades alleas ó centro poidan ofertar.
8. Manter informada, por distintos medios, a comunidade educativa das actividades que se vaian a realizar anunciándoas na aula ou aulas afectadas, no taboleiro da sala de profesores, na páxina no Centro e cunha nota informativa ao profesorado implicado.
9. Manter unhas relacións fluídas coa A.N.P.A. e abrilo centro a sociedade, fomentando a interrelación con outros centros, entidades deportivas, culturais, asociacións, institucións, etc.
10. Levar a cabo a avaliación das actividades realizadas, elaborando a correspondente proposta de mellora ou anulación, sen prexuízo das competencias que corresponden os Departamentos.

11. Procurar que as saídas do Centro, sumando horas soltas e días enteiros, non superen 10 días lectivos.

12. Procurar que non se programen actividades a partir do 20 de Maio, a non ser aquelas que nos veñan impostas dende as distintas institucións .

A VICEDIRECCIÓN